

A/A Sra. Xerenta da Área Sanitaria de Santiago de Compostela
U.P.R.L
DIRECCIÓN DE ENFERMERÍA
DIRECCIÓN DE RRHH



Dende Cig-saúde Compostela, solicitamos coa **Máxima Urxencia**, unha avaliación das máscaras "cirúrxicas" que se empregan na unidade de Urxencias de Pediatría e de Adultos, ou calqueira outro servizo do hospital.

As máscaras cirúrxicas para o persoal de ámbito hospitalario, teñen que cumplir a Norma EN:14683 e ser clasificadas como IR ou IIR, as de tipo I serán válidas para pacientes pero non para o persoal sanitario.

Nas fotos que se xuntan das máscaras en cuestión, só se pode ver, que cumplen co requisito de ISO 13485, que non é equivalente nin substituta da norma de producto sanitario español EN 14683.

Solicitamos:

- A investigación do relatado, a retirada (de ser o caso) dos productos e stocks existentes.
- A ficha técnica destas máscaras avaliadas polo servizo de Unidade de Prevención de Riscos e si estas cumplen coa normativa EN 14683.
- A realización das probas pertinentes ao persoal que estivo exposto con esta máscara si resulta que non cumple a normativa ao efecto.
- Explicación do que marca na caixa o punto 5 “ This mask should not replace surgical masks”.
- Na última reunión do Luns 20 de Abril do Comité de Seguridade e Saúde, díxose claramente por parte da UPRL, que todo o material que se repartía estaba avaliado polo servizo, polo cal **solicitamos a ficha técnica e as evaluaciones correspondientes do material entregado nas unidades e nos centros de saúde polo servizo da UPRL**, xa que temos constancia de que a diversos centros de saúde chegou material que non cumple coa normativa
- Que conforme ao Real Decreto 773/1997 , antes de que se lle entregue ao traballador o Epi correspondente, áinda que este esté considerado como producto sanitario, a información dos riscos do que protexe,actividades ou ocasións nas que debe utilizarse, así como das instruccions por escrito:
 - “los riesgos contra los que les protegen, así como de las actividades u ocasiones en las que deben utilizarse. Asimismo, deberá proporcionarles instrucciones, preferentemente por escrito, sobre la forma correcta de utilizarlos y mantenerlos. El manual de instrucciones o la documentación informativa facilitados por el fabricante estarán a disposición de los trabajadores. La información a que se refieren los párrafos anteriores deberá ser comprensible para los trabajadores. ”

Xuntanse fotos das máscaras en cuestión, complementando este escrito

Xabier Alvedro Álvarez

Santiago de Compostela a 24 de Abril do 2020

Antonio Ramos Benito